



Igrexa en saída (en Galicia). Camiños e horizontes

Francisco José Prieto Fernández¹

1.- Igrexa en saída: orixe dunha proposta

Na súa exhortación *Evangelii Gaudium* o papa Francisco escribiu que todo cristián debería levar consigo a «dinámica do éxodo» (EG 21), saír de si mesmo e camiñar para ir sempre máis aló de toda etapa alcanzada. Di mesmo que «a intimidade da Igrexa con Xesús é unha intimidade itinerante». A Igrexa sempre foi peregrina e, hoxe máis que nunca, debe asumir de novo o risco de «saír da terra» (cf. Xén 12, 1). Podemos chegar a ser (ou ser xa) unha Igrexa enferma de tanto conservar a saúde para non ser ferida: «Prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa, antes que unha Igrexa enferma polo peche e a comodidade de aferrarse ás propias seguridades»².

2.- Onde naceu esta proposta dunha Igrexa «en saída»?

O que fora arcebispo da Habana (1981-2016), cardeal Jaime Ortega (+ 2019), foi quen deu a coñecer unha intervención que o cardeal Jorge Mario Bergoglio ofreceu nunha das congregacións xerais antes do Conclave do ano 2013, en concreto na penúltima, que tivo lugar na mañá do sábado 9 de marzo.

1 Francisco José Prieto Fernández é o Arcebispo de Santiago de Compostela. É licenciado en Teoloxía Patristica pola Universidade Gregoriana de Roma e doutor en Teoloxía Bíblica pola Universidade Pontificia de Salamanca.

2 FRANCISCO, *Exhortación apostólica Evangelii gaudium* (=EG) (Roma 2013) 49.